

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Castro de Troña

O castro de Troña está en Santa Mariña de Pías, Pontearreas (Pontevedra). Tamén se coñece co nome de Monte Doce Nome de Xesús en atención á ermida que hai alí.

Cóntase que alí viviu unha serpe (hai unha inscultura cunha serpe rampante nun pendo) que de vez en cando baixaba e roubaba para comer bestas, ovellas e outros animais. Seica falaba coas cabras e dicíaleis:

-¡Dáme do teu leite que eu che darei o meu peite!

Os veciños, para evitar aqueles roubos e por medo, acordaron turnarse e levarlle todos os días ao monte un animal. Pero logo, cansos de pagar aquelas rendas, decidiron matala da seguinte maneira.

Xuntaron moitos novelos de la, fixeron unha boa corda e colocaron un novelo grosa na punta, déronllo a comer e cando a serpe picou, tiraron da corda e matárona a golpes. Enterrárona no adro da ermida e enriba puxeron un cruceiro.

Tamén se conta que debaixo da ermida hai un camposanto de mouros, que desde este mesmo lugar sae un camiño soterrado que vai ata o río Tea en Portavilares, que era o que usaban os mouros para ir ver os cabalos que tiñan alí.

Fálase doutro túnel que conduce desde o castro ata o Tea, onde chaman a Caldeira do Inferno, e na saída hai tesouro que ten forma de grade de ouro.

Outro prodixio é que mesmo diante da capela sae primeiro unha muller e despois unha serpe, e ás veces déixase ver unha señorita que senta enriba dun penedo para peitearse con peites de ouro.

Neste castro hai noticia de máis tesouros: unha viga de ouro que vai desde o castro ata a Portela de Vilar, e unha grade de ouro, e un tear, todo de ouro, que se agachan debaixo do altar da ermida do Doce Nome de Xesús.

BIBLIOGRAFÍA

Bibliografía:

- APARICIO CASADO, Buenaventura, Mouras, serpientes, tesoros y otros encantos. Mitología popular gallega, Cadernos do Seminario de Sargadelos, 80, Edicións do Castro, Sada, 1999.
- CARRÉ ALVARELLOS, Lois, Contos populares da Galiza, Porto, Museu de Etnografía e Historia, 1968.
- COSTAS GOBERNA, F. J. e HIDALGO CUÑARRO, J. M., «La olvidada citania de Troña en Santa Marina de Pías. Ponteareas», en Faro de Vigo, 28 de outubro de 1979.
- GARCÍA ALÉN, A., PEÑA SANTOS, A. de la, Grabados rupestres de la provincia de Pontevedra, A Coruña, 1980.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X. M., El folklore de los castros gallegos, Compostela, Universidade, 1971.
- HIDALGO CUÑARRO, J. M., «El tema de la serpiente en el N.O. peninsular, en El Museo de Pontevedra», XXXV, 1981, pp. 229-284.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F., Os oestrimnios, os saefes e a ofiolatría en Galicia, Compostela, Seminario de Estudos Galegos, 1929, 2, pp. 27-193.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e LORENZO FERNÁNDEZ, X., «Unha nova inscultura serpentiforme da citania de Troña» en Boletín da Real Academia Galega, XXVIII, A Coruña, 1957.
- PERICOT, L., «Excavaciones en la citania de Troña», en Memorias de la Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades, 115, Madrid, 1931.
- PERICOT, L., PARGA, I., «Castros de los alrededores de Mondariz Balneario: el castro de Troña», en La Temporada de Mondariz, 3/4, 1928.
- RISCO, V., «Los tesoros legendarios de Galicia», en RDTP, t. 6, cad. 2-3, 1950, p.185.
- VAQUEIRO, Vitor, Guía da Galiza máxica, Galaxia, Vigo, 1998.